

# BANDO

## RECOLLIDA EXCEPCIONAL DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS

**ALEXÁNDER DOVAL EXPÓSITO**, alcalde do Concello de Oroso,

**INFORMA:** o Concello de Oroso abre o prazo para solicitar a recollida excepcional de plásticos agrícolas.

As solicitudes deberán facerse no Concello ou chamando o telefono 981 691 478.

O prazo para a súa solicitude será dende o **martes 24 de marzo hasta o xoves 22 de abril de 2026**.

É necesario o cumprimento das seguintes condicións:

- Recolleráanse residuos plásticos LER 020104 (excepto embalaxes), procedentes da agricultura, horticultura, silvicultura, caza e pesca. Así, pode entregarse film procedente do ensilado, tanto lonas plásticas negras como estirable de cores usado para realizar os bolos de silo, así coma os sacos de plástico que conteñan abonos. Os plásticos de invernadoiro soamente se poderán entregar cando a súa porcentaxe non supere o 25% da entrega.
- O residuo plástico debe estar limpo e encartado. Non pode conter: voluminosos, sacos de rafia, e polipropileno, redes e cordas, neumáticos, envases de plástico, animais...
- Debén estar nunha zona accesible para a súa recollida polo camión.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Oroso, 23 de marzo de 2026.

Asdo. Alexander Doval Expósito